

MANUAL BÁSICO DE IDENTIDADE CORPORATIVA





Este é o novo identificador do **Concello de Bueu**.

Trátase dunha reinterpretación do escudo do municipio:




A **simplificación** é a norma básica seguida nesta adaptación á actualidade. Este recorte de texturas, florituras e detalles fai máis doado o recoñecemento visual do identificador, por mor disto este identificador será moito máis “lembrable”.

Esta compresión de formas está acompañada por unha simplificación da gama cromática tornando a cor verde nun símbolo máis do concello.

O recorte de cores e formas tamén fai máis doada a impresión desde símbolo identificador.

En definitiva, temos unha actualización do vello identificador do concello adaptada aos modernos tempos que corren pero sen renunciar aos símbolos clásicos do barco e o escudo que por moito tempo nos teñen representado.



As **cores** do identificador son:

- verde: 59C 0M 100Y 0K (P©368)
- marrón: 11C 68M 100Y 64K (P©731)
- azul 1: 23C 0M 1Y 0K (P©290)
- azul 2: 60C 0M 14Y 0K (P©3115)
- azul 3: 32C 0M 4Y 0K (P©29175)
- negro: 0C 0M 0Y 100K (P©Proc.Black)

A gama de cores (máis de catro) fai innecesaria a versión de cores en tinta plana Pantone© xa que a súa impresión sería máis cara que unha impresión normal. Inda así a catalogación Pantone© dános un ton exacto de cor.

A adaptación destas cores á **pantalla** terá estes valores:

- verde: 126R 182G 28B (7EB61C)
- marrón: 109R 54G 13B (6D360D)
- azul 1: 206R 234G 247B (CEEAF7)
- azul 2: 100R 195G 214B (64C3D6)
- azul 3: 184R 225G 240B (B8E1F0)
- negro: 0R 0G 0B (000000)

Destas cores hai unha que deberemos ter en conta con especial atención: a **verde**. Trátase dun ton especial e moi personal que podería chegar a representar ao concello.





DEKTHUSIAN

ABCDE

A **tipografía** do identificador é a:

- Dekthusian

ABCDEFGHIJKLMNO  
PQRSTUVWXYZ  
1234567890

Trátase dunha fonte de titulares de moita personalidade coa que nunca se deberá escribir un texto que non sexa un título. No identificador está empregada en tres corpos diferentes segundo a importancia do termo escrito.

Igual que a cor verde, esta tipografía podería converterse na identificación de calquera cousa relacionada co concello.

Para escribir textos empregaremos:

- Helvética (ou similar)

ABCDEFGHIJKLMNOPQRS  
TUVWXYZ 1234567890  
abcdefghijklmnpqrstuvwxyz

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTU  
VWXYZ 1234567890  
abcdefghijklmnpqrstuvwxyz


ABCDEFGHIJKLMNOPQRS  
TUVWXYZ 1234567890  
abcdefghijklmnpqrstuvwxyz



Este é o **esquema de construción** do identificador.

A súa forma interna garda proporcións e alineamentos que fan a súa forma máis recoñecible para o ollo humano.

O identificador ten ademais unha marcada **orde de lectura** que fai máis doado o seu recoñecemento:



A lectura comeza nas velas brancas, que chaman a atención do noso ollo, para baixar despois ao texto, que se le rápidamente, e remata saíndo da forma na dirección marcada polo pau bauprés da embarcación.

Esta lectura rápida fai que o observador recoñeza todo cómodamente dun golpe de vista.



Esta é a **versión a unha tinta** do identificador. Ten un par de pequenas diferencias por mor da adaptación dos contrastes da composición:

- cambia o tamaño do texto
- eliminamos ondas do mar

Utilizarase para documentos en branco e negro, para impresións a poucas tintas ou para facer un selo de caucho.

Malia que nesta folla se amose o identificador en cor negra, poderá ser utilizado tamén na verde corporativa ou mesmo en branco sobre un fondo de cor:





Non existe a **versión negativa** do identificador.

Se cómpre utilizalo sobre un fondo dunha cor similar á *nosa verde* poderemos escoller entre dúas opcións:

- simplemente separarmos a nosa figura perfilándoa cunha fina liña branca.
- ou usarmos a versión a unha tinta calada en branco





A **personalización** para as diferentes concellerías obterémola aumentando a parte superior do escudo e engadindo na tipografía corporativa Dekthusian o nome da concellería desexada.

Esta nova liña de texto será de cor branca e terá un tamaño igual ao da tipografía máis grande que xa existía (a que pon BUEU).

Algúns exemplos:







A **contrución** desta nova versión do identificador de concellería baséase de novo nunhas proporciones lóxicas que axudan ao ollo a recoñecer mellor a figura.

As diferentes versións a unha tinta e negativa constrúense seguindo a mesma lóxica que no identificador principal:





## CONCELLO DE BUEU INFORMACIÓN ADICIONAL

MÁIS INFORMACIÓN ADICIONAL  
NESTE CASO SECUNDARIA  
COMO MÁXIMO EN TRES LIÑAS

No caso de ter que engadir **información adicional** utilizaremos a tipografía complementaria Helvetica (na súa versión condensada ou estreita) en maiúsculas de cor negra e no tamaño da tipografía máis grande do identificador (a de BUEU).

Poderemos utilizar un segundo nivel de información cunha letra máis pequena (do tamaño da letra máis pequena do identificador, o da palabra DE) nunha tipografía fina condensada da Helvetica, e sempre en maiúsculas.

A separación do texto extra con respecto ao escudo será igual ao cuadratín dun M máis a súa marxe de letra, e a aliñación do texto será superior:



M CONCELLO DE  
INFORMACIÓN  
MÁIS INFORMACIÓI  
NESTE CASO SECU  
COMO MÁXIMO EN



**CONCELLERÍA NUMERO UN DE DÚAS  
CONCELLERÍA NÚMERO DOUS**

MÁIS INFORMACIÓN ADICIONAL  
NESTE CASO SECUNDARIA  
COMO MÁXIMO EN TRES LIÑAS



**CONCELLERÍA NÚMERO UN DE UN  
DIRECCIÓN DE SUBÁREA**

MÁIS INFORMACIÓN ADICIONAL  
NESTE CASO SECUNDARIA  
COMO MÁXIMO EN TRES LIÑAS




**CONCELLERÍA NÚMERO UN DE UN  
DIRECCIÓN DE SUBÁREA**

MÁIS INFORMACIÓN ADICIONAL  
NESTE CASO SECUNDARIA  
COMO MÁXIMO EN TRES LIÑAS

As **versións negativa e a unha tinta** do identificador con información adicional crearánse seguindo a mesma lóxica que marcan as mesmas versións do identificador principal.

Esta versión do identificador utilizarase cando se teñan que incluír varias concellerías nun mesmo documento. Deste xeito evitaremos por dous ou tres identificadores iguais.

Tamén poderemos usar este identificador cando se trate dunha subárea dunha concellería ou mesmo substituíndo ao escudo específico da concellería. Neste derradeiro caso poderemos elixir entre utilizar o identificador co nome da concellería integrado ou co texto de información adicional.



A **papelería básica** do Concello de Bueu baseada no novo identificador contén os seguintes elementos:

- carpetillas
- folla timbrada
- folla de carta
- sobre
- cd
- tarxeta

Tendo en conta todas as normas construídas ata agora, os elementos da papelería básica xogarán combinando cores, escudos e tipografías para crear unha imaxe coherente do Concello de Bueu.



CONCELLO DE BUEU  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
CONCELLO@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099



CONCELLO DE BUEU  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
CONCELLO@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

O **papel de carta** é o primeiro elemento da papelería básica.

Neste caso, seguindo as instrucións dadas con anterioridade temos a seguinte construción.

Amósase en tamaño real A4 e en tamaño reducido para ver o aspecto xeral da folia.



CONCELLO DE BUEU  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
CONCELLO@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF P3600400J Rex. E. 111



CONCELLO DE BUEU  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
CONCELLO@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF P3600400J Rex. E. 111

O segundo elemento dunha papelería básica é a **folia de factura**, derivada da folia normal, pero engadíndolle os datos para facturación.

Podemos vela no seu tamaño real A4 e reducida para ver a composición xeral.

O terceiro elemento dunha é o **sobre** en todas as súas versións. E aquí amosamos a versión de sobre americano (11x22cm).



**CONCELLO DE BUEU**  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
CONCELLO@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

O **sobre cadrado de 167x119mm** é outro elemento moi utilizado nos concellos. Neste caso contaremos coa versión en cor e a versión en branco e negro, amosadas nesta páxina.



**CONCELLO DE BUEU**  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (P)  
CONCELLO@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029



**CONCELLO DE BUEU**  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
CONCELLO@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099





A **tarxeta de presentación** é un elemento indispensable en calquera identidade corporativa.

Amosamos eiquí o frontal e a traseira na versión a tamaño real, cunhas dimensións estándar de 5x8cm.



Este é o **cartafol de documentos**.  
Construído á medida para levar ou  
arquivar documentos A4 sen dobrar.

As súas dimensións reais son de 44x32cm  
aberto e 22x32cm pechado, un chisquiño  
máis grande que o folio normal.

Na súa parte exterior temos un espezo  
para escribir o tema dos documentos  
contidos no cartafol.



O derradeiro obxecto da papelería básica e o **disco compacto**, xa sexa na súa versión de CD ou de DVD.

Un disco ten en 12 cm. de diámetro, e na súa superficie tamén podemos e debemos expresar a imaxe corporativa.

Todos os **materiais específicos** de concellerías serán iguais aos xerais do concello engadindo na información adicional os datos da concellería en cuestión.



NOME APELIDO APELIDO  
**CONCELLO DE BUEU**  
**CONCELLERÍA DO QUE SEXA**  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
CONCELLO@CONCELLODEBUEU.ORG  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099



**CONCELLO DE BUEU**  
**CONCELLERÍA DO QUE SEXA**  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
CONCELLO@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF P3600400J Rex. E. 111



**CONCELLO DE BUEU**  
**CONCELLERÍA DO QUE SEXA**  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
CONCELLO@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

MELODÍA VISUAL. 669 830 773. [INFO@MELODIAVISUAL.COM](mailto:INFO@MELODIAVISUAL.COM)

